Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

Cantigüelas de Bergantiños (I)

Fun contigo ó muíño
e non sei se volverei
querías aquelas cousas
que ti sabes e eu sei.

Non te queiro, non te queiro
non te queiro, non e non
non te queiro, non te queiro
non te queiro e se acabou.

Fun ás mozas a Malpica,
metín o pé nunha poza,
abraceime nunha vella,
pensando que era unha moza.

Os que vaian a Malpica,
que anden con moito coidado,

en donde botan o ollo,
vai o gancho de contado.

As mociñas de Malpica
téñenche moito palique.
Elas botan o anzuelo,
o que queira picar que pique.

Deixemos ás de Malpica,
que se poden enfadar,
se falamos doutro lado,
han de ser todas igual.

Pensaches de me olvidar,
metinche as pallas nos ollos,
o día que me olvidaches,
xa tomei amores novos.

Pequeniñas e ben feitas,
asi as quere o meu Pedro.
Eu nin pequenas que espanten,
nin grandes que poñan medo.

Entrei na Coruña cantando
sin saber o que facía,
a conta do meu diñeiro,
aprendín a cortesía.

Adeus Martes de Antroido,
adeus meu queridiño,
ata Domingo de Páscoa,
non probo máis o touciño.

Maruxiña dame un beso
que tu padre lo mandó.
Mi padre manda en el suyo,

que en el mío mando yo.

O amor cando pretende
moito mel, moita manteiga
e despois o que se casa
chámalle puta e meiga.

Teño unha palabra dada,
amais heina de cumprire:
o día do meu enterro,
non hei de cantar nin de rire.

[Recompilación de Luis Antonio Giadás Álvarez, de Ponteceso (A Coruña), na bisbarra de Bergantiños, remitida en xuño de 2009]